

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Outubro 2010

NOTA DE PRENSA

En outubro de 2010 os prezos dos bens exportados aumentaron en termos interanuais un 8,4% e os dos bens importados un 15,4%

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia medraron un 8,4% en outubro de 2010 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos aumentaron un 15,4%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados diminuíron un 3,8% e os dos bens importados medraron un 11,4%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens de equipo foi do 12,5%. Os prezos dos bens de consumo e dos bens intermedios aumentaron un 9% e un 3,6% respectivamente.

Nas importacións, os prezos dos bens de consumo e dos bens intermedios medraron un 22,1% e un 14,4%, respectivamente. Os prezos dos bens de equipo diminuíron un 5,6%.



Índices de valor unitario para o comercio exterior. Outubro 2010

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
ÍNDICE XERAL	8,4	-3,8	ÍNDICE XERAL	15,4	11,4
Bens de consumo	9,0	-0,5	Bens de consumo	22,1	5,5
Bens de equipo	12,5	-0,3	Bens de equipo	-5,6	-6,7
Bens intermedios	3,6	-8,5	Bens intermedios	14,4	14,7

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse un incremento interanual do 12,5% para os países pertencentes á Unión Económica e Monetaria, do 12,4% para a UE-25 e do 10,3% para a OCDE. Para os países non pertencentes á OCDE baixaron un 2,3%.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE aumentaron un 11,7% e os procedentes do resto de países un 25%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Outubro 2010

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
UEM	12,5	-2,3	UEM	14,6	12,3
UE-25	12,4	-4,0	UE-25	8,7	8,0
OCDE	10,3	-3,3	OCDE	11,7	9,9
Resto de países	-2,3	-7,6	Resto de países	25,0	14,9

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Información detallada:

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0308002

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>